



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

Nº Expediente: 2017/C003/000013

Asunto: Contratación de REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS – FASE 1

Reunidos en Cedeira, o día 2 de novembro de 2020:

Dunha parte, D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira con D.N.I. núm. 33994323R, asistido da Secretaria da Corporación D. ^a Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

Doutra parte D. Francisco Gómez Portela, con D.N.I. núm. 33296590L, en representación da empresa OBRAS GALLAECIA, S.L., con C.I.F. núm. B70018981, con domicilio para os efectos de notificacións en Praza Europa, 3, local 26E, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

INTERVEÑEN

- Don Pablo Diego Moreda Gil como Alcalde-Presidente, en nome e representación do Concello de Cedeira, conforme ás atribucións que lle veñen conferidas polos artigos 21.b) da Lei 7/85, de 1 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 41.12 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

- Don Francisco Gómez Portela, en representación da empresa OBRAS GALLAECIA, S.L., segundo consta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (inscrición núm. 4352).

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do contrato de <<REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS-FASE 1>>.

A adxudicación da citada obra foi aprobada mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.10.2020 segundo se desprende dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O proxecto técnico da obra <<REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS-FASE 1>>, redactado polo arquitecto D. Ángel L. Monteoliva Díaz (MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.) en xuño de 2018, cun presuposto de 274.007,28 € IVE incluído (Prezo sen IVE 226.452,30 €), e un prazo de execución de 12 meses, foi aprobado mediante o acordo do Pleno da Corporación de data 28 de novembro de 2019.

2. Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xullo de 2020 xustificouse a realización das obras e aprobouse o expediente ordinario de contratación por procedemento aberto simplificado,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

autorizouse o gasto con cargo ao vixente presuposto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas particulares que se consideran parte integrante do contrato.

3. Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de outubro de 2020 adxudicouse a obra á empresa OBRAS GALLAECIA, S.L., o cal literalmente di o seguinte:

<<3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS

Vista a proposta de Alcaldía asinada dixitalmente con data 13.10.2020, que literalmente di:

“Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS.

Nº Expediente: 2020/C003/000005

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.07.2020 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 20.07.2020 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

RELACIÓN LICITADORES ADMITIDOS	CIF
CAMOGA S.L.	B15554421
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	B15119837
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	B15768880
FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN S.L.	B41839523
OBRAS GALLAECIA SL.	B70018981

A Mesa de contratación nas reunións de datas 17 e 19 de agosto de 2020 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando admitidas todas elas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- As ofertas presentadas son as seguintes:

LOTE 1						
Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres	Plan de Igualdade	Incremento Prazo de Garantía
CAMOGA S.L.	216.941,30	13	2	0	NO	4



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	221.583,57	13	13	1	NO	0
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	208.336,12	24	17	0	SI	1
FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN S.L.	226.116,22	98	43	13	SI	4
OBRAS GALLAECIA SL.	205.603,84	14	10	1	NO	4

LOTE 2						
Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres	Plan de Igualdade	Incremento Prazo de Garantía
CAMOGA S.L.	176.125,33	13	2	0	NO	4
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	179.710,36	13	13	1	NO	0
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	169.139,16	24	17	0	SI	1
FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN S.L.	183.223,81	98	43	13	SI	4
OBRAS GALLAECIA SL.	166.913,73	14	10	1	NO	4

3.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

LOTE 1						
LICITADOR	Oferta económica	% personal fixo	% mulleres	Plan igualdade	Incremento garantía	Total
CAMOGA S.L.	13,72	1,54	0,00	0,00	10,00	25,26
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	7,02	10,00	1,27	0,00	0,00	18,29
CONSTRUC. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	26,13	7,08	0,00	5,00	2,50	40,71
FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN S.L.	0,49	4,39	5,00	5,00	10,00	24,88
OBRAS GALLAECIA SL.	30,09	7,14	1,65	0,00	10,00	48,88

LOTE 2						
LICITADOR	Oferta económica	% personal fixo	% mulleres	Plan igualdade	Incremento garantía	Total
CAMOGA S.L.	13,72	1,54	0,00	0,00	10,00	25,26
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	7,35	10,00	1,27	0,00	0,00	18,62
CONSTRUC. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	26,13	7,08	0,00	5,00	2,50	40,71
FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN S.L.	1,11	4,39	5,00	5,00	10,00	25,50
OBRAS GALLAECIA SL.	30,09	7,14	1,65	0,00	10,00	48,88



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

4.- **LOTE 1:** A oferta mellor valorada é a presentada por OBRAS GALLAECIA S.L. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ostenta poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar. Polo tanto, a Mesa acorda:

- Requirir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que constituía a garantía definitiva por importe de 10.280,19 € (5% do importe final ofertado, IVE excluído), aporte o compromiso referido no artigo 75.2 LCSP e presente a documentación indicada nos apartados 11, 12, 13, 14, 15 e 16 da cláusula 16 do PCAP.

- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – **Fase 1**” a favor do seguinte licitador:

<u>PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN</u>	
Licitador:	OBRAS GALLAECIA SL. CIF: B70018981
Importe:	205.603,84 € + 43.176,81 € (IVE) (TOTAL: 248.780,65 €)
Plazo de execución:	12 meses

5.- **LOTE 2:** A oferta mellor valorada é a presentada por OBRAS GALLAECIA S.L. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ostenta poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar. Polo tanto, a Mesa acorda:

- Requirir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que constituía a garantía definitiva por importe de 8.345,69 € (5% do importe final ofertado, IVE excluído), aporte o compromiso referido no artigo 75.2 LCSP e presente a documentación indicada nos apartados 11, 12, 13, 14, 15 e 16 da cláusula 16 do PCAP.

- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – **Fase 2**” a favor do seguinte licitador:

<u>PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN</u>	
Licitador:	OBRAS GALLAECIA SL. CIF: B70018981
Importe:	166.913,73 € + 35.051,88 € (IVA) (TOTAL: 201.965,61 €)
Plazo de execución:	12 meses



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Con data 28.08.2020 a empresa OBRAS GALLAECIA S.L presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva polo importe de 10.280,19 euros para o contrato “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – Fase I” mediante Aval núm. 661409 de data 27.08.2020 da entidade Abanca; e con data 28.08.2020 presentou o documento orixinal no rexistro do Concello de Cedeira (RE 2282).

Con data 07.09.2020 a empresa OBRAS GALLAECIA S.L presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva para o contrato “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – Fase 2” polo importe de 8.345,69 € mediante Aval núm.661479 de data 01.09.2020 da entidade Abanca; e con data 07.09.2020 presentou o documento orixinal no rexistro do Concello de Cedeira (RE 2384).

Con data 22.09.2020 a empresa OBRAS GALLAECIA S.L. (rexistros de entrada 2020/999/1239 e 2020/999/1240) presenta a documentación requirida como empresa proposta para a adxudicación dos contratos “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas. Fase I” e “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas. Fase II”.

Revisada esta documentación polos servizos xurídicos do Concello, resulta correcta.

Con data 10.10.2020 emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – FASE 1” por procedemento aberto simplificado coas seguintes condicións:

Licitador:	OBRAS GALLAECIA SL. CIF: B70018981
Importe:	205.603,84 € + 43.176,81 € (IVE) (TOTAL: 248.780,65 €)
Prazo de execución:	12 meses

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – FASE 2” por procedemento aberto simplificado coas seguintes condicións:

Licitador:	OBRAS GALLAECIA SL. CIF: B70018981
Importe:	166.913,73 € + 35.051,88 € (IVA) (TOTAL: 201.965,61 €)
Prazo de execución:	12 meses

3.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

4.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

5.- *Notificar á empresa adxudicataria OBRAS GALLAECIA S.L. o presente acordo e citala para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.*

6.- *Publicar a adxudicación do contrato de obra denominado “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas” na Plataforma de Contratos do Sector Público.*

7.- *Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

8.- *Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.>>

Mediante a Resolución de Alcaldía 575/2020 de 28 de outubro foi adxudicada a Dirección de obra de Arquitecto a D. Germán Barja Seijas (colexiado núm. 4280 COAG).

Mediante a Resolución de Alcaldía 578/2020 de 28 de outubro foi adxudicada a Dirección de execución de Arquitecto técnico e coordinación de seguridade e saúde a D. José Ignacio Vales-Villamarín Navarro (colexiado núm. 961 COAATC).

E recoñecéndose ambas as dúas partes competencia e capacidade para formalizar o presente documento,

OUTORGAN

- D. Francisco Gómez Portela comprométese á execución das obras de <<REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS-FASE 1>>, conforme ao proxecto técnico e ao prego de cláusulas administrativas particulares que figuran no expediente, documentos contractuais que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel.
- O prezo do contrato, IVE incluído, é de **248.780,65 euros**.
- O prazo de execución é de **12 meses**, contados dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo que se realizará o día que se sinale por esta administración, sen que poida demorarse máis **dun mes** desde a sinatura deste contrato.
- No momento da sinatura do presente contrato entrégase a seguinte documentación:
 - Prego de cláusulas administrativas particulares
 - Autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expte. 375/17)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- D. Francisco Gómez Portela, no seu nome e en representación da empresa OBRAS GALLAECIA, S.L. presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para canto non se atope nel establecido aos preceptos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados, e asínase dixitalmente polas persoas indicadas a continuación:

O Alcalde,

En representación da empresa adxudicataria,

Pablo Diego Moreda Gil

Francisco Gómez Portela

A secretaria,

Ana Velo Ruiz